



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezaseis de novembro do dous mil vinte, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dona Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

Pleno extraordinario 16.11.2020



“Examinado o informe emitido polo Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos de data 6 de novembro de 2020, do tenor literal seguinte:

INFORME DE SECRETARÍA XERAL SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 4 de novembro de 2020 e, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, INFORME:

ANTECEDENTES PROCEDIMENTALES

No expediente administrativo constan as seguintes actuacións administrativas realizadas:

- Solicitud municipal de data 23.11.2016 de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico e do borrador do Plan.

- Formulación do Informe Ambiental Estratéxico mediante Resolución de 15.02.2017 (DOG 22.03.17) da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que -tras avaliar a documentación e sometela a consulta pública o 30.11.2016, na súa sede electrónica e polo un prazo de 2 meses- acorda non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos e facer público e remitir ao Concello o Informe Ambiental Estratéxico para a súa consideración na tramitación do Plan especial.

- Informes solicitados ás compañías subministradoras sobre suficiencia de infraestruturas e servizos. (art. 185.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia):

. Telefónica de España S.A. de data 03.04.2017.

. R Cable y Telecomunicaciones Galicia.S.A. de data 18.04.2017

. Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga AQUALIA de data 20.04.2017.

. Unión Fenosa Distribución, S.A. de data 21.04.2017.

- Aprobación inicial, pola Xunta de Goberno Local con data 10.07.2017

- Información pública: a través de anuncios nos periódicos O Progreso e a Voz de Galicia de data 14.07.2017, Boletín Oficial da Provincia de 24.07.2017 e non Diario



SECRETARIA

Oficial de Galicia de data 03.08.2017 núm. 147, polo prazo de dous meses; ampliado noutros dous meses por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia núm. 186 do 29 de setembro); e ampliado novamente ata o 16 de xaneiro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia núm. 235 de 13.12.2017).

- Remisión de notificación individual aos titulares catastrais e notificación edital das que resultaron infrutuosas no Boletín Oficial do Estado núm. 278 de 16 de novembro.

- No prazo de información pública formuláronse 100 alegacións que obran no expediente.

- Informes sectoriais: Solicitados os informes sectoriais preceptivos recibíronse os seguintes:

. Subdelegación do Goberno en Lugo, de data 16.08.2017.

. Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, de data 19.09.2017

. Axencia Galega de Infraestruturas, de data 14.09.2017

. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 20.09.2017

. Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de data 03.10.2017.

. Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, de data 06.10.2017

. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de data 11.10.2017

. Deputación Provincial de Lugo, de data 12.01.2018.

- O documento foi remitido á Consellería, para informe previo a súa aprobación definitiva, tendo entrada o día 28/03/2019 na Dirección Xeral, quen requiriu ao concello a subsanación das deficiencias detectadas con datas do 09.04.2019, 16.05.2019 e 27.06.2019.

- O Concello achegou documentación con data do 04.07.2019.

- Unha vez analizada esa documentación, a Dirección Xeral emitiu informe previo desfavorable, en data do 05.09.2019, requirindo ao Concello para a súa emenda.

- Logo das correccións oportunas, o 20.05.2020 o Concello aprobou provisionalmente o PEPCHA e remitiu o documento técnico e o expediente administrativo á Consellería para o informe previo a súa aprobación definitiva.



SECRETARIA

- Con data do 15.06.2020 a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a suspensión do prazo para emisión do informe interesado, mediante escrito do 16.06.2020.

- O 06.07.2020 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar provisionalmente o PEPCHA logo das correccións ao documento; remitíndoo á Consellería, con data 07.07.2020, para a emisión do informe, polo que se retoma o prazo de tramitación.

- Con data 08.07.2020 remítese o expediente do Plan á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- Con data 17.07.2020 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia achega informe previo favorable á aprobación definitiva.

- Con data 21.09.2020 emite informe previo á aprobación definitiva do Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico o Servizo de Asistencia Urbanística do Concello.

- Con data 05.10.2020 a Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo emitiu informe sobre a interpretación do informe remitido pola Dirección Xeral da Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

- Con data 3 de novembro de 2020, o equipo redactor, Oficina de Planeamento, presenta no Concello de Monforte, a documentación do Plan especial, axustándose ao establecido no informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo, de data 11 de setembro de 2020, e nos informes do Servizo de asistencia urbanística do Concello e da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

PRIMEIRO. Poderán formularse e aprobarse plans especiais coa finalidade de:

a) Protexer ámbitos singulares.

A tal efecto, os plans especiais de protección poderán actuar sobre calquera das clases de solo definidas neste regulamento, co obxectivo de protexer elementos de especial interese para a súa mellora ou conservación.

b) Levar a cabo operacións de reforma interior.

Para ese efecto, os plans especiais de reforma interior poderán actuar sobre os ámbitos de solo urbano non consolidado para levar a cabo as operacións en que sexan necesarios procesos de urbanización, actuacións de reforma interior ou renovación urbana e actuacións de dotación, e sobre os solos de núcleo rural nos que se prevexan actuacións de carácter integral.

c) Coordinar a execución de dotacións urbanísticas.



SECRETARIA

A tal efecto, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de suelo, estean ou non previstas no plan xeral.

d) Protexer, rehabilitar e mellorar o medio rural.

A tal efecto, poderán redactarse plans especiais de protección no solo rústico e no solo de núcleo rural coa finalidade de protexer, rehabilitar ou mellorar ámbitos concretos.

SEGUNDO. A normativa aplicable vén determinada por:

- *Os artigos 70 a 76, 82 a 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- *Os artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental.*
- *Ley 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *Os artigos 177 a 184, e 185 a 187 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.*
- *Os artigos 34 a 45 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, de 29 de maio.*
- *Os artigos 21.1.j), e 22.2.c) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.*

TERCEIRO. Terán a consideración de plans especiais previstos no plan xeral aqueles nos que concurran as seguintes circunstancias:

a) Que o seu ámbito apareza definido gráficamente nos plans de ordenación do plan xeral de ordenación municipal, sen prexuízo dos axustes necesarios.

b) Que o plan xeral de ordenación municipal estableza as determinacións relativas á ordenación xeral necesarias para a súa ordenación detallada.

En ausencia de plan xeral municipal, como é o caso do Concello de Monforte de Lemos, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións no esixan a previa definición dun modelo territorial (artículo 70.2 de la LSG).

En todo caso, a formulación destes plans especiais deberá estar baseada en causas de interese e necesidade públicos. .

CUARTO. Os plans especiais conterán as determinacións necesarias para o desenrolo do plan correspondente e, en todo caso, as propias da súa natureza e finalidade.



SECRETARIA

En ningún caso os plans especiais poderán substituír aos plans xerais na súa función de instrumentos de ordenación integral do territorio, polo que non poderán modificar a clasificación do solo, excepto nos supostos contemplados no artigo 65 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e 157 do Regulamento, e no punto 3 do artigo 70 da mesma lei e punto 4 do artigo 177 do regulamento.

Os plans especiais deberán ser coherentes cos obxectivos xerais da actividade urbanística pública, co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, coa normativa sectorial que afecte ao termo municipal e co planeamento urbanístico dos municipios limítrofes, no marco das determinacións que establezan os instrumentos de ordenación do territorio.

QUINTO.- O expediente do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico do Concello de Monforte de Lemos contempla a totalidade da documentación esixida pola Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

As determinacións esixidas ao contido do Plan recóllense nos seguintes documentos:

- 1. Información Urbanística que recolle a parte informativa da Memoria do Plan, cos datos e as referencias precisas para a delimitación do ámbito de actuación e a definición das súas características concretas.*
- 2. Memoria de Ordenación que recolle a parte xustificativa da Memoria do Plan, dos seus obxectivos e determinacións, así como o cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia coas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento aprobadas polo acordo do Pleno do Concello de Monforte de Lemos, con data 1 de outubro de 1985, vixentes.*
- 3. Parte xustificativa, que establece a conveniencia e oportunidade da redacción do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico do Concello de Monforte de Lemos, dos seus obxectivos e determinacións, así como o cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia coas Normas Subsidiarias Municipais aprobadas polo acordo do Pleno do Concello de Lemos, con data 1 de outubro de 1985.*
- 4. Normativa Urbanística que inclúe as Normas de protección do Plan Especial.*
- 5. Catálogo de Protección que inclúe a relación de bens que deberán ser obxecto de conservación e mellora por formar parte do ámbito do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos.*
- 6. Estudo económico financeiro e programa de actuación que recolle a avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización.*
- 7. Anexo de habitabilidade necesario en función da finalidade do Plan.*

8. Planos de información a escala adecuada.

9. Planos de ordenación a escala adecuada.

10. Documento ambiental estratéxico que recolle a información requirida para producir a avaliación ambiental estratéxica simplificada, concluída co Informe ambiental estratéxico emitido por Resolución 15.02.2017 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DOG 22.03.17) incorporado á Memoria de Ordenación do Plan.

11. Anexo Relación das persoas titulares dos terreos afectados polo Plan Especial, segundo datos catastrais.

SEXO. Os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos.

Con tales fins poderán afectar a calquera clase de solo, e incluso extenderse a varios termos municipais co fin de abarcar ámbitos de protección completos.

Cando sexa posible, estes plans especiais deberán abarcar ámbitos de protección completos, en especial cando se trate de ámbitos previamente delimitados conforme á lexislación de medio ambiente, patrimonio cultural ou calquera outra normativa sectorial.

Os plans especiais de protección poderán delimitar áreas de reparto e establecer as medidas necesarias para garantir a conservación e recuperación dos valores que haxan de protexerse, para o que impondrán as limitacións que resulten necesarias, incluso con prohibición absoluta de construír, sen prexuízo do establecido no artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e artigo 63 deste regulamento respecto das edificacións tradicionais.

A tal efecto, poderán expresamente, en función do seu obxecto concreto, establecer os parámetros de distancias mínimas e a limitación de usos que resulten necesarios, así como determinar as accións que haxan de propiciar a recuperación do equilibrio medioambiental deteriorado, no seu caso, ou das que tendan a evitar calquera tipo de deterioro.

En particular, os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e 196 do Regulamento.

Aos plans especiais de protección lles corresponde, entre outras, as seguintes determinacións:



a) A identificación e xustificación dos elementos, ámbitos e valores obxecto de protección.

b) A definición E regulación de categorías diferenciadas de protección, cando proceda.

c) O establecemento das medidas adecuadas, como por exemplo a regulación dos usos permitidos, compatibles ou prohibidos, das actuacións e obras permitidas e prohibidas sobre os elementos ou ámbitos protexidos, e outras que se estimen necesarias para garantir a protección e conservación, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial correspondente.

d) A regulación e programación da execución das actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora dos elementos, ámbitos ou valores obxecto de protección, no seu caso.

SÉTIMO. Durante todo o proceso de elaboración do Plan Especial, haberá que cumprir coas exixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

OITAVO. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. Cando a iniciativa sexa de oficio, o Concello poderá encargarse a redacción do Plan Especial aos Servizos Técnicos Municipais ou poderá contratar a elaboración do mesmo, a través dun contrato de servizos, de conformidade coa normativa de contratación pública, no seu caso, de acordo co resultado obtido na consulta pública previa.

B. O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que se acompañará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente. O borrador será un documento que conteña, polo menos, as liñas especiais de planeamento e permita debater os seus criterios, obxectivos e solucións xerais.

O documento ambiental estratéxico deberá conter polo menos, a seguinte información:

a) Los obxectivos da planificación.

b) O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.

c) O desenvolvemento previsible do plan.

d) Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan no ámbito territorial afectado.



- e) *Os efectos ambientais previsibles e, se procede, a súa cuantificación.*
- f) *Os efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concurrentes.*
- g) *A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.*
- h) *Un resume dos motivos da selección das alternativas contempladas.*
- i) *As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, correxir caquera efecto negativo relevante no medio ambiente da aplicación do plan, tomando en consideración o cambio climático.*
- j) *Una descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.*

Así mesmo, conforme ao disposto no artigo 38.2 do Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no documento ambiental estratéxico que se elabore para dar inicio ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, incluírase una descrición das medidas preventivas e correctoras previstas polo instrumento para previr, reducir ou correxir o impacto que pode producir sobre a paisaxe.

Tanto se é o propio Concello o promotor coma senon o é, será o que de traslado da solicitude de inicio xunto coa documentación que lle debe acompañar ao órgano ambiental.

D. No prazo de vinte días hábiles dende a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

- a) *Se estimara de modo inequívoco que o plan é manifestamente inviable por razóns ambientais.*
- b) *Si estimara que o documento ambiental estratéxico non reúne condicións de calidade suficientes.*

O órgano ambiental, no prazo de dous meses, a contar dende a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de dous meses, pondo a súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan. No caso de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos a consultar estará o competente en materia de urbanismo, a tenor do disposto no artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, e do artigo 186.1.e) do seu regulamento.



SECRETARIA

E. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, e de conformidade cos criterios establecidos no anexo V, resolverá mediante a emisión do informe ambiental estratéxico, que poderá determinar que:

a) O plan ou programa debe someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria porque poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente. Neste caso o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e non será preciso realizar as consultas reguladas no artigo 19 do mesmo texto legal.

Esta decisión notificaráse ao promotor xunto co documento de alcance e o resultado das consultas realizadas para que elabore o estudo ambiental estratéxico e continúe coa tramitación prevista nos artigos 21 e seguintes da Lei 21/2013, de 9 de decembro. .

b) O plan ou programa non ten efectos significativos sobre o medio ambiente, nos termos establecidos no informe ambiental estratéxico.

F. Unha vez formulado, o informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental. O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios si, unha vez publicado polos medios previstos, non se procedeu á aprobación do Plan Especial no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan especial.

G. .Culminados os traballos de elaboración do plan especial, e disposto para a súa aprobación inicial, previamente á mesma o Concello debe solicitar ás Administracións sectoriais competentes os informes que sexan preceptivos con anterioridade á aprobación inicial do plan especial.

H. Unha vez terminada a redacción e formulación do plan especial axustada aos informes sectoriais recibidos, o Alcalde procederá á súa aprobación inicial de conformidade cos artigos 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 75.1 a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, e seguidamente acordarase a apertura do trámite de información pública, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Este trámite de información pública deberá ter un prazo mínimo de dous meses. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica do Concello.

Conforme ao artigo 75.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando, con posterioridade ao trámite de información pública, preténdanse introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

SECRETARIA

I. O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de plan urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de otorgamiento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan no caso en que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, a contar desde a devandita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do plan.

Extinguidos os efectos da suspensión, en calquera dos supostos previstos, non poderán acordarse novas suspensións por idéntica finalidade, no prazo de catro anos. Tollo iso, en virtude da regulación establecida no artigo 47 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

J. Simultaneamente deberá notificarse individualmente a aprobación inicial do plan especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados

K. Así mesmo, con posterioridade á aprobación inicial deberanse solicitar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable, de conformidade co artigo 75 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, así como co artigo 186.1.b) do seu regulamento (poden consultarse os informes no Anexo final do expediente).

No caso de que algún dos informes sectoriais sexa discrepante, se son vinculantes, deberase obrigatoriamente modificar o proxecto; se non o son, a Corporación pronunciarase sobre os mesmos.

Recibidos os correspondentes informes, as consideracións e indicacións contidas nos mesmos que sexan vinculantes ou aqueloutros que se consideren convenientes, deberán incorporarse ás determinacións do plan.

L. Concluída a información pública, os Servizos Técnicos Municipais e os responsables técnicos do equipo redactor ao que, no seu caso, encomendouse a redacción do plan, estudarán as alegacións que puidesen presentarse no trámite de información pública e emitirán informe sobre as mesmas así como respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

Así mesmo, cando con posterioridade ao trámite de información pública preténdanse introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

M. A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do chan urbano consolidado



SECRETARIA

requerirá, en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, de conformidade co artigo 75.1.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, así como co artigo 186.1.e) do seu regulamento.

A estes efectos, de conformidade co disposto no artigo 186.1.e) do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro, cumprimentados os trámites sinalados, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes, someténdoo, co expediente completo debidamente diligenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen que se comunicou o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De apreciarse algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

N. Así mesmo no caso de que se proceda á aprobación provisional por tratarse dun Plan especial non previsto no plan xeral ou dun plan especial de protección que conteña a ordenación detallada do chan urbano consolidado, será necesario solicitar, con anterioridade á aprobación definitiva, os informes sectoriais preceptivos.

Ñ. Cumplimentados os trámites sinalados, o Concello procederá á aprobación definitiva do Plan Especial.

Á vista dos informes, alegacións e suxestións e alternativas presentadas durante a información pública, o Pleno do Concello acordará a aprobación definitiva do plan especial coas modificacións que no seu caso, procedesen, de conformidade co disposto nos artigos 75.1 f) e 75.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia e o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O. O acordo de aprobación definitiva deberá publicarse no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello.

En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación, á inscrición do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da lei e ao que dispoña para ese efecto a lexislación vixente en materia

Simultaneamente deberá notificarse individualmente a aprobación definitiva do Plan Especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O Plan será inmediatamente executivo tras a súa entrada en vigor.

Os instrumentos de plan urbanístico terán vixencia indefinida.

INFORMES OBRANTES NO EXPEDIENTE

Posteriormente á aprobación provisional do Plan e, unha vez remitido á Dirección Xeral de Urbanismo, con data 17 de xullo de 2020, emite informe favorable no que fai constar:

1. O documento agora ochegado, aprobado provisionalmente en data 06.07.2020, contén as modificacións e correccións necesarias por considerar cumpridas as consideracións e obxeccións formuladas no informe previo de data 05/09/2020.

2. En todo caso, e canto á consideración recollida no artigo 146.3 "Regulación do viario público" da Normativa do plan especial respecto da concorrencia de interese público nunha hipotética futura modificación puntual que permite o execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización do ponte medieval será no seo da preceptiva modificación puntual deste PEPCHA onde compre acreditar o seu interese público, conforme ao previsto no artigo 83.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. con sometemento ó correlativa información pública e recabando o informe favorable de todos os organismos sectoriais afectados.

En consecuencia e á vista do anteriormente exposto. se emite o presente Informe favorable previo ó aprobación definitiva do PEPCHA do Concello de Monforte de Lemos.

Visto o contido do informe e, en relación co apartado segundo do mesmo, polo Concello de Monforte de Lemos solicitáronse os seguintes informes, co obxecto de proceder á aprobación definitiva do xeito establecido no informe favorable da Dirección Xeral de Urbanismo:

1º.- Informe da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, informe que foi emitido con data 5 de outubro de 2020, cuxas consideracións xurídicas son as seguintes.

O obxecto do informe, como acordou a Xunta de Goberno local do Concello de Monforte -órgano que nos solicita interpretación-,



SECRETARIA

ven acoutado polo parágrafo do informe da data 17 de xullo de 2020 emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda previo á aprobación definitiva do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico.

2.En todo caso, e canto á consideración recollida no artigo 146.3 "Regulación do viario público" da Normativa do plan especial, respecto da concorrencia de interese público nunha hipotética futura modificación puntual que permita a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, será no seo da preceptiva modificación puntual deste PEPCHA onde cumpra acreditar o seu interese público, conforme ao previsto no artigo 83.1 da Lei 212016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con sometemento á correlativa información pública e recabando o informe favorable de todos os organismos sectoriais afectados."

Tratando de dar resposta ao formulado, son varias as consideracións que cómpre facer con carácter previo ao pronunciamento sobre a interpretación:

1-Chama a atención, dita sempre dende o maior respecto hacia a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que se faga dita "aclaración e/ou interpretación" da consideración sobre a concorrencia de interese público recollida no artigo 146.3 "Regulación do viario público" da Normativa do plan especial no momento en que se fai, pois é a primeira vez que se di algo sobre dita artigo, e se fai cando xa está aprobado provisionalmente o plan, e sen que conste referencia algunha a esta consideración en ningún dos informes anteriores, nomeadamente no Informe de data 5 de setembro de 2019 da propia Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. (Folios 6908 a 6911).

A maior abastanza e relacionado co anterior, resulta abrigado sinalar que a redacción do artigo 146.3 "Regulación do viario público" da normativa do plan especial, está recollida na normativa urbanística de decembro de 2018 e decembro de 2019, pois é a mesma, tal e como consta no expediente respectivamente nos folios (5067 a 5185) e (7635 a 7778) co seguinte teor:

"Art. 146. Regulación do viario público

1.- Delimitación e ámbito

O Plan Especial establece en planos de ordenación a definición e



SECRETARIA

delimitación do viario público que comprende o conxunto de rúas e espazos destinados a movemento e circulación ou estancia de peóns, automóviles e medios de transporterodado.

2.-En desenvolvemento dos criterios do Plan, o Concello establecerá a regulación do tráfico e estacionamento no viario público mediante a correspondente ordenanza.

3.-O Concello poderá redactar un Plan de Mobllidade aos efectos de garantir a funcionalidade do sistema viario en xeral ea paulatina peonalización do ámbito do Plan Especial en particular. Neste senso, poderá contemplarse a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, que requirirá as autorizacións correspondentes das administración competentes. A implantación desta infraestrutura considérase como suficiente aos efectos de xustificar o interese público das modificacións puntuais do Plan Especial que fosen do caso."

Agora ben, dito o cal, si é preciso sinalar a maior abundamento, que ao non facerse consideración, ou advertencia en data anterior sobre o contido do inciso do artigo 146.3, impediuse que tanto o equipo redactor do plan, como o propio Concello de Monforte se puidesen pronunciar ao respecto, polo que obviamente o teor e contido é o mesmo antes e despois da emisión do informes autonómico e da aprobación provisional do PEPCHA, pois xa se dixo que non consta ningunha consideración ou advertencia sobre o contido do inciso do artigo 146.3 acabado de citar, no Informe de data 5 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo previo á aprobación definitiva do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico do Concello de Monforte de Lemos (Lugo), emitido ao abeiro do establecido no artigo 75.1 e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

QUINTA.- INTERPRETACIÓN

O informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Conse llería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, é preceptivo, pois vén esixido por unha norma artigo 75.1 e) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e ten carácter vinculante o que obriga a telo en conta na resolución final, é dicir na aprobación definitiva.

Vencellado co anterior, é moi importante sinalar como xa dixemos con anterioridade, que todos os informes emitidos no amp lo expediente do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico incluído tamén o informe preceptivo e vinculante de data 17 de xullo de 2020 emitido pola Dirección Xeral de



SECRETARIA

Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre o que se so licita a interpretación, son favorables, polo que o Concello de Monforte pode aprobar definitivamente o PEPCHA, pois dita consideración non afecta á aprobación definitiva.

Sentado o anterior, ternos que dicir que o contido do artigo 146.3 "Regulación do viario público" da Normativa do plan especial, recollida na normativa urbanística, ao noso parecer, puidera entrar en contradición coa consideración que recolle o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 17 de xullo de 2020, o que iría en contra do principio de seguridade xurídica, pois se tería un teor da normativa urbanística do plan, que puidera colisionar coa interpretación que do mesmo fai o informe vinculante:

<p><i>CONTIDO DO ARTIGO 146.3</i></p>	<p><i>Consideración que recolle o Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e</i></p>
<p><i>Art.146. Regulación do viario público</i></p> <p><i>3. O Concello poderá redactar un Plan de Mobilidade aos efectos de garantir a funcionalidade do sistema viario en xeral e paulatina peonalización do ámbito do Plan Especial en particular. Neste senso, Poderá contemplarse a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, que requirirá as autorizacións correspondentes das administracións competentes. A implantación de infraestruturas considérase como suficiente aos efectos de xustificar o interese público das modificacións puntuais do Plan Especial que fosen do caso".</i></p>	<p><i>2.En todo coso, e canto á consideración recollida no artigo 146.3 "Regulación do viario público" do Normativa do plan especial, respecto da concorrencia de interese público nunha hipotética futura modificación puntual que permita a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, será no seo da preceptiva modificación puntual deste PEPCHA onde cumpla acreditar o seu interese público, conforme ao previsto no artigo 83.1 da lei de Galicia, con sometente á correlativa información pública e recabando o informe favorable de todos os organismos sectoriais afectados.</i></p>

O anterior, e dito en verbas do Tribunal Supremo, podería crear unha inseguridade xurídica, pois o contido da norma non quedaría no texto aprobado, senón a expensas do labor, máis ou menos acertada, do intérprete ou daquel que leve a cabo o labor de



SECRETARIA

integración da norma, logo da existencia dunha consideración que colisiona co teor do texto aprobado, malia de que non se requirise nin a súa modificación nin a supresión dalgún parágrafo.

As determinacións concretas que deban entenderse incorporadas á norma urbanística, non poden quedar- ese é o noso parecer- a expensas dun labor de interpretación, non exenta de dificultades, tal e como estamos a ver, polo impreciso dos termos utilizados tanto no texto do artigo 146.3 aprobado provisionalmente como na consideración que fai a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe, dito sexa co debido respecto en ámbolos dous casos. Tal proceder, poderla resultar contrario ás máis elementais esixencias derivadas do principio de seguridade xurídica, garantido no art. 9.3 da Constitución.

Polo anterior, e cara a garantir a seguridade xurídica, e respectando como non pode ser doutro xeito, a consideración feita pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no seu informe preceptivo e vinculante, pero tamén permitindo que tanto o equipo redactor do plan, como o propio Concello de Monforte, e o seu asesor xurídico se podan pronunciar ao respecto, e que o contido dunha norma non quede a expensas do labor, máis ou menos acertada, do intérprete ou daquel que leve a cabo o labor de integración da norma, o que conlevaría que tal proceder puidese provocar os máis diversos contidos, coa conseguinte inseguridade xurídica é polo que entendemos que procedería :

1.- Que antes da aprobación definitiva do PEPCHA, que conta con todos os informes en sentido favorable, se dea traslado do Informe de data 17 de xullo de 2020 emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao equipo redactor do Plan, que son os autores da redacción actual da redacción do artigo 146.3 "Regulación do viario público" da Normativa do plan especial, (folios 7635 a 7778) ,para que informen ao respecto, ao obxecto de buscar unha fórmula que harmonice o contido do artigo 146.3 coa consideración que fai a Dirección Xeral, e evite a contradición entre o texto aprobado provisionalmente e a devandita aclaración.

2.- Que xunto co anterior se someta a informe do Asesor Xurídico do Concello, é dicir, ao Secretario Municipal, buscando a maior seguridade xurídica do PEPCHA de Monforte de Lemos.

2º.- Informe do Servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos, que foi emitido con data 21.09.2020, do tenor literal seguinte.



SECRETARIA

INFORME TÉCNICO PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS

Téndose concluído o procedemento de tramitación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, compre someter ao Pleno da Corporación a súa aprobación definitiva, previo o seu pronunciamento sobre as alegacións formuladas no trámite de información pública.

Toda vez que o documento do Plan aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local de 10-07-2017 está datado en 11-2016 e o documento que incorpora o resultado do trámite de información pública cos informes técnicos ás alegacións aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno de 11-02-2019 está datado en 12-2018, solicítase, por parte deste Concello, informe técnico previo á definitiva aprobación que a perfeccione identificando os aspectos que requiran de actualización atendendo á alteración da súa situación de feito da que exista constancia na administración, así como a corrección de erros e desaxustes materiais detectados na documentación e mesmo nos informes técnicos ás alegacións. O meu informe é o seguinte:

Posteriormente á finalización do período de información pública do citado plan producíronse unha serie de incidencias que deben terse en conta no trámite de aprobación definitiva, enuméranse a continuación:

INFORMACIÓN EXPEDIENTES DE RUINA E DERRUBOS RECENTES EN EDIFICACIÓNS INCLUIDAS NO CATÁLOGO DO PLAN ESPECIAL:

Téndose concluído o procedemento de tramitación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, compre someter ao Pleno da Corporación a súa aprobación definitiva, previo o seu pronunciamento sobre as alegacións formuladas no trámite de información pública.

Toda vez que o documento do Plan aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local de 10-07-2017 está datado en 11-2016 e o documento que incorpora o resultado do trámite de información pública cos informes técnicos ás alegacións aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno de 11-02-2019 está datado en 12-2018, solicítase, por parte deste Concello, informe técnico previo á definitiva aprobación que a perfeccione identificando os aspectos que requiran de actualización atendendo á alteración da súa situación de feito da que exista constancia na



SECRETARIA

administración, así como a corrección de erros e desaxustes materiais detectados na documentación e mesmo nos informes técnicos ás alegacións. O meu informe é o seguinte:

Posteriormente á finalización do período de información pública do citado plan producíronse unha serie de incidencias que deben terse en conta no trámite de aprobación definitiva, enuméranse a continuación:

INFORMACIÓN EXPEDIENTES DE RUINA E DERRUBOS RECENTES EN EDIFICACIONES INCLUIDAS NO CATÁLOGO DO PLAN ESPECIAL:

Co fin de que se incorporen ao documento do Plan Especial producindo as modificacións que requira a nova situación e resulten pertinentes, faise a seguinte relación:

Rúa Pescaderías, números 13, 15, 17

- *Referencias catastrais:
Nº 13: 2491703PH2029S0001WJ
Nº 15: 2491702PH2029S0001HJ
Nº 17: 2491701PH2029S0001UJ*
- *Inicio expediente de declaración de ruína: Xunta de Goberno Local, con data 19/11/2018.*
- *Declaración de situación legal de ruína: Xunta de Goberno Local, con data 08/04/2019.*
- *Proxecto de derruba: Demolición parcial incluída no proxecto de execución de rehabilitación visado polo COAG o día 09/04/2019.*
- *Consulta/comunicación a Patrimonio: Autorizada a Rehabilitación con obras de derruba parcial incluídas no proxecto por resolución do Consello Territorial do Patrimonio Cultural de Lugo, na súa xuntanza o día 26/04/2019.*
- *Autorización/orde derruba: O Concello requírelle ó propietario que execute obras de demolición parcial, as cales van incluídas no proxecto de rehabilitación para o cal tivo Licenza Municipal con data: 13/01/2020.*
- *Execución das obras de derruba: Pola propiedade.*



SECRETARIA

O Plan de Actuacións para a Recuperación do Recinto Amurallado de Monforte de Lemos realizado polo Arquitecto José María Alonso Montero e promovido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, propón a desaparición destas edificacións que se atopan construídas enriba da Muralla.

Rúa Doctor Teijeiro, números 28, 30

- *Referencias catastrais:*
 - Nº 28: 2388206PH2028N0001JG*
 - Nº 30: 2388207PH2028N0001EG*
- *Inicio expediente de declaración de ruína: Acordo Xunta de Goberno, de data 26/12/2018.*
- *Proxecto de derruba: Si.*
- *Consulta/comunicación a Patrimonio: Autorizada a derruba, co cumprimento da condición de que se intentará manter as estruturas murarias existentes na planta baixa da fachada principal, por resolución do Consello Territorial do Patrimonio Cultural de Lugo, na súa xuntanza o día 31/05/2019. Na mesma data este organismo tamén informa favorable unha proposta que mantén o volume, a tipoloxía e materiais do edificio primixenio coa obriga de remitir o proxecto de execución, o cal aínda non foi presentado para a súa remisión.*
- *Autorización/orde derruba: Licenza de derruba segundo acordo Xunta de Goberno de data 20/06/2019.*
- *Execución das obras de derruba: Pola propiedade*

Rúa Doctor Teijeiro, número 51

- *Referencia catastral: 2489037PH2028N0001BG*
- *Inicio expediente de declaración de ruína: Acordo Xunta de Goberno, de data 20/06/2013.*
- *Proxecto de derruba: Si.*
- *Consulta/comunicación a Patrimonio: Autorizada a derruba parcial do edificio, mantendo a planta baixa, por motivos de seguridade, despois de presentado proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificio, por resolución do Consello Territorial do Patrimonio Cultural de Lugo, na súa xuntanza o día 29/09/2017.*
- *Autorización/orde derruba: Licenza de derruba segundo acordo Xunta de Goberno de data 24/10/2017.*



- *Execución das obras de derruba: Pola propiedade*

Rúa Doctor Casares, número 97

- *Referencia catastral: 2495008PH2029N0001HO*
- *Inicio expediente de declaración de ruína: Acordo Xunta de Goberno, de data 08/05/2017.*
- *Declaración de situación legal de ruína: Xunta de Goberno Local, con data 03/07/2017.*
- *Consulta/comunicación a Patrimonio: Autorizada a derruba, co cumprimento da condición de facer as derrubas parciais estritamente necesarias e enviar proxecto de rehabilitación do inmovible, por resolución do Consello Territorial do Patrimonio Cultural de Lugo, na súa xuntanza o día 26/01/2018.*
- *Autorización/orde derruba: Licenza de derruba segundo acordo Xunta de Goberno de data 12/02/2018.*
- *Execución das obras de derruba: Pola propiedade, D. Manuel Rodríguez Domínguez.*

Rúa Compañía, número 24

- *Referencia catastral: 2286041PH2028N0001UG*
- *Inicio expediente de declaración de ruína: Non hai, a edificación esborrallouse o día 10/07/2018.*
- *Proxecto de derruba: Si.*
- *Autorización/orde derruba: O Concello requírelle ó propietario que execute obras de derruba por ruína inminente e de limpeza do solar, por Resolución da Alcaldía de data: 12/07/2018.*
- *Consulta/comunicación a Patrimonio: Dáse conta do feito a Patrimonio, o cal autoriza o 24/07/2018, coas seguintes obrigas: documentar gráficamente o alzado principal, conservar a fachada principal á rúa ao menos ata a altura do forxado do primeiro andar.*
- *Execución das obras de derruba: Pola propiedade*

DETECCIÓN DE CONTRADICIÓNS E OUTRAS INCIDENCIA EXISTENTES NO PLAN:



SECRETARIA

Unha vez rematado o prazo de alegacións o día 16/01/2018, se identifican posibles erros non detectados con anterioridade na documentación do Plan Especial, as cales se recollen a continuación co fin de que se considere a súa inclusión no documento do Plan Especial producindo as modificacións que resulten pertinentes, faise a seguinte relación:

Rúa Antonio Méndez Casal, número 18

- *Referencia catastral: 2092043PH2029S0001PJ*
- *Situación no Plan Especial: Corresponde no Plan Especial á parcela 20920.43, ten cualificación con límite de cuarteirón, sen trama gris de inmovible nin trama de nova edificación (nin presenza en alzados) e sen código de parcela.*
- *Nesta parcela existía unha edificación de planta baixa e dúas plantas altas, da cal aínda quedan restos, e que sufriu un incendio entorno ó ano 1998.*
- *Existe informe de Patrimonio de data 12/07/1999 no que autoriza obras de reposición do volume edificado previamente ó incendio (B+2), co mantemento de tódalas características formais e volumétricas previas do edificio; e nota simple do rexistro da propiedade xunto con escritura de compra-venta nas que se recolle unha edificación totalmente derruída que tiña superficie construída de 172m².*

Deberíase comprobar si existe un posible erro de codificación da parcela, deixando claro no PEPCCHA a volumetría do inmovible histórico a poder edificar, e incluír unha ficha da unidade edificatoria, se fóra preciso, e se marque o posible volume a reconstruír no plano 5.9B de ordenación urbanística e nos alzados de edificación 20920.

Rúa Armando Cotarelo, número 9

- *Referencia catastral: 2290036PH2029S0001JJ*
- *Situación no Plan Especial: Corresponde no Plan Especial á parcela 22900.36, ten catalogación nivel 3 (Características singulares e elevado valor arquitectónico).*
- *A fachada presenta unhas decoracións na fachada, que consisten nun simple pintado de liñas horizontais e verticais sobre morteiro de cemento,*



SECRETARIA

que nin sequera representan simulación de pedras de cantaría, que condicionan o lucido da fachada.

Na ficha do catalogo correspondente ó citado inmovible aparecen as “decoracións” catalogadas na ficha correspondente como elemento singular o cal se debería aclarar se é referido as liñas feitas por riba do morteiro de cemento tratando de imitar pedras de cantaría ou si, como parece, se trata dun erro.

Barrio San Vicente, número 8 (segundo Catastro)

- *Referencia catastral: 2592001PH2029S0001XJ*
- *Situación no Plan Especial: Corresponde no Plan Especial á parcela 25920.01, ten cualificación de Zona Verde/Libre (ZV/ZL), ordenanza Recinto Intramuros.*
- *Na parcela indicada existe unha edificación construída no ano 1964, a cal está dedicada a un negocio de hostalería dende o ano 1987 (Restaurante O Grelo).*

A edificación existente está cualificada como Zona Verde/Libre nos planos de Cualificación, folia 3.5, nembargantes nos planos de Alzados da edificación, folia 5.41, recollese o alzado de dita edificación polo tanto debería comprobar o posible erro de grafismo, xa que a edificación lindeira si aparece recollida nos planos de Cualificación como edificación existente coa ordenanza Recinto Intramuros.

PARCELAS DO ACCESO AO PASEO FLUVIAL NA CONTORNA DE SANTA CLARA:

Obxecto de modificación no Documento de Aprobación Provisional polo Informe de Alegacións que propuxo:

Parcela identificada no Plan Especial como 21913.01

“Hortiña” traseira dunha casa que dá á Rúa Santa Clara, incorporala á zona verde do paseo fluvial ZV-03, toda vez que no Catastro figuraba como pública.



Parcela identificada no Plan Especial como 21912.13

Supresión da mellora de aliñación no acceso ao paseo fluvial prevista na aprobación inicial.

Deberíase comprobar a existencia dun erro catastral e, de ser tal: restablecer aliñación na 21912.13 da aprobación inicial, e eliminar da ZV-03 a "hortiña" murada da parcela 21913.01 restablecendo a aprobación ini

3º.- Informe da Oficina de Planeamento que foi emitido con data 6 de novembro de 2020 do tenor literal seguinte:

O presente informe emítese coa finalidade de dar resposta e cumprimento ao "Informe previo á aprobación definitiva do PEPCHA do concello de Monforte de Lemos" emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en data 17 de xullo de 2020, relativo ao PEPCHA, aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o 06 de xullo de 2020; así como para dar resposta ao "Informe técnico previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos" emitido polo Servizo de asistencia urbanística do Concello, emitido en data 21 de setembro de 2020.

A exposición deste Informe segue a seguinte orde:

1.- Cumprimentación do Informe previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico do concello de Monforte de Lemos, emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 17 de xullo de 2020.

2.- Informe técnico previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos, emitido polo Servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos con data 21 de setembro de 2020.

1.- Cumprimentación do informe previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico do concello de Monforte de Lemos, emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 17 de xullo de 2020.

Cumprimentando o apartado 2 do Informe favorable previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico do concello de Monforte de Lemos, emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo conforme ao establecido no art. 75.1.e) da Lei 2/2016 de solo de Galicia, procédese a suprimir no artigo 146 (Regulación do viario público) da Normativa do



SECRETARIA

Plan Especial a referencia á consideración de suficiencia para xustificar o interese público das modificacións puntuais do Plan Especial que fosen do caso, que procederá acreditar nas propias modificacións.

En consecuencia o artigo 146 queda redactado do seguinte modo:

“Art. 146. Regulación do viario público

- 1. Delimitación e ámbito.*
 - *Plan Especial establece en planos de ordenación a definición e delimitación do viario público que comprende o conxunto de rúas e espazos destinados a movemento e circulación ou estancia de peóns, automóviles e medios de transporte rodado.*
- 2. En desenvolvemento dos criterios do Plan, o Concello establecerá a regulación do tráfico e estacionamento no viario público mediante a correspondente ordenanza.*
- 3. Concello poderá redactar un Plan de Mobilidade aos efectos de garantir a funcionalidade do sistema viario en xeral e a paulatina peonalización do ámbito do Plan Especial en particular. Neste senso, poderá contemplarse a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, que requirirá as autorizacións correspondentes das administración competentes.”*

- 1. Informe técnico previo á aprobación definitiva do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos, emitido polo Servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos con data 21 de setembro de 2020.*

O Informe técnico aporta a información de expedientes de ruína e derrubos recentes en edificacións incluídas no catálogo do Plan Especial, aspectos que requiren da incorporación á documentación do plan especial das referencias ás actuacións administrativas que determinaron a súa actual situación de feito, de cara a aprobación definitiva; e igualmente fai constar a detección de contradicións e determinados erros e desaxustes materiais detectados na documentación, de cara á súa emenda e incorporación ao documento para aprobación definitiva do Plan Especial.

O informe municipal identifica os derrubos executados en edificios catalogados no plan especial durante o proceso da súa tramitación, previas resolucións de autorización emitidas pola Dirección Xeral o Patrimonio Cultural, en data posterior á da emisión pola mesma Dirección Xeral do Informe favorable vinculante relativo ao Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico do concello de Monforte de Lemos e previsto no art. 34 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, de data 20.09.2017; igualmente inclúe referencias á incoación municipal dos expedientes de declaración de ruína en relación



SECRETARIA

ás especificidades establecidas no art. 54 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

Para os efectos da súa constancia incorpóranse ás Fichas de catalogación onde se recollen os edificios de referencia, as observacións relativas aos acordos e resolucións de autorización correspondentes, coas condicións que nelas se establezan. As observacións a incorporar ás Fichas de catalogación, son as seguintes:

Rúa Doutor Teijeiro núms. 28, 30. Unidades parcelarias: 2388206, 2388207

“Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 04.06.2019 pola que se autoriza derrubo da edificación coa condición de intentar manter as estruturas murarias existentes na planta baixa da fachada principal.

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 04.06.2019 favorable á reconstrución de inmovible segundo anteproxecto enviado de reconstrución da edificación , mantendo o volume existente, tipoloxía e materiais de edificio, coa condición de remitir proxecto de execución para a súa autorización.

Acordos da Xunta de Goberno Local: de 26/12/2018 de inicio de expediente de declaración de ruína; de 20.06.2019 de licenza de derrubo.”

Rúa Doutor Teijeiro núm. 51. Unidade parcelaria: 2489037

“Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 03.10.2017 pola que se autoriza proxecto básico e de execución de rehabilitación do inmovible, co mantemento do volume primixenio, e materiais tradicionais, carpintería de madeira. O proxecto de rehabilitación cumprimenta a condición da súa presentación, establecida en Resolución previa da mesma Dirección Xeral que autorizou o derrubo parcial do edificio por motivos de seguridade, mantendo a planta baixa conforme ao Informe dos Servizos Técnicos de Arquitectura/Arqueoloxía da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 30.06.2017.

Acordos da Xunta de Goberno Local: de 20/06/2013 de inicio de expediente de declaración de ruína; de 24.10.2017 de licenza de derruba.”

Rúa Doutor Casares núm. 97. Unidade parcelaria: 2495008

“Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 30.01.2018 pola que se autoriza os derrubos parciais necesarios por motivos estritamente de seguridade. Coa obriga de enviar posteriormente



proxecto de rehabilitación do inmoble.

Acordos da Xunta de Goberno Local: de 08.05.2017 de inicio de expediente de declaración de ruína; de 03.07.2017 polo que se declara a situación legal de ruína e se require a demolición no prazo establecido; de 12.02.2018 de licenza de derruba.”

Rúa Compañía núm. 24. Unidade parcelaria: 2286041

“Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 26.07.2018 pola que se autoriza a demolición da parte dianteira do inmoble. Coas obrigas de documentar graficamente o alzado principal e de conservar a fachada principal de cara á rúa ao menos ata a altura do forxado do primeiro andar.

Resolución da Alcaldía de 12.07.2018 de expediente de ruína do corpo dianteiro do inmoble, colapsado o día 10.07.2018, requirindo levar a cabo a demolición do mesmo á maior brevidade.”

Rúa Pescaderías núms. 13,15,17. Unidades parcelarias: 2491703, 2491702, 2491701.

“Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 30.04.2019 pola que se autoriza o proxecto de execución de rehabilitación do conxunto de vivendas sitas na Rúa Pescadería 11,13,15,17,19 coas obras de demolición contempladas no proxecto con mantemento de fachadas e volume.

Acordos da Xunta de Goberno Local: de 19.11.2018 de inicio de expediente de declaración de ruína; de 08.04.2019 polo que se declara a situación legal de ruína e se require a presentación de proxecto de demolición no prazo establecido; de 13.01.2020 de licenza de derruba.”

Incorporados á protección da Muralla sobre a que están construídos na resolución do trámite de información pública, procede incorporar á ficha de catalogación correspondente a observación aquí indicada para os edificios de referencias: 2491703, 2491702, 2491701.

Igualmente procede incorporar á ficha de catalogación correspondente a información dos elementos valorativos identificados en todas as fichas da anterior catalogación individualizada, agora incorporadas á protección da Muralla, para a súa constancia. Indicar que nos edificios monumentais, o plan especial autoriza actuacións xerais de mantemento, conservación e restauración, e exclúe calquera determinación sobre outras actuacións que se remiten ao que determine o Plan Director ou o Proxecto Integral de conservación previstos na normativa urbanística.



SECRETARIA

Detectados erros na relación de edificios catalogados que figura no tomo I do Catálogo, retíranse da lista do nivel 3 as referencias ás unidades edificatorias 2491703, 2491702, 2491701, incorporadas á protección da Muralla e das que xa foron retiradas as fichas individualizadas tras a modificación resultante do Informe das alegacións.

- *O informe técnico detecta e relaciona posibles erros e desaxustes ou discrepancias entre documentos do plan especial, para a súa consideración no documento de aprobación definitiva. A continuación se procede á súa valoración, propoñendo a emenda ou perfeccionamento en cada caso:*

Rúa Antonio Méndez Casal número18. Unidade edificatoria 2092043

Comprobada a situación da parcela de referencia confírmase a procedencia de emendar a carencia de determinacións volumétricas na parcela de remate da pequena illa, co que á vista da información aportada propónse repoñer a volumetría do inmovible histórico sinistrado de baixo e dúas plantas conforme ao antecedente do informe da administración de Patrimonio de 12.07.1999, indicando tanto en planta como en alzados o volume a reconstruír, modificando o plano de Cualificación na folla 3.8 e o plano de Alzados da edificación 20920 na folla 5.9.B., trasladando a corrección aos restantes planos de ordenación.

Acompáñanse imaxes da corrección en folla 3.8 de plano de Cualificación e en folla 5.9.B de plano de Alzados 20920.

Rúa Armando Cotarelo, número 9. Unidade edificatoria 2290036

Revisada a documentación obrante e comprobado o erro, corríxese a ficha do Catálogo no referente ás “decoracións” de fachada identificadas como elemento singular, suprimindo dita referencia e mantendo as referencias aos recercados e relevos como elementos catalogados de interese común.

Barrio San Vicente, número 8. Unidade catastral 2592001

Revisada a documentación, confírmase a regulación da edificación existente, datada en 1964, na folla 5.41 do plano de Alzados da edificación coa mesma grafía e representación que presentan outras edificacións existentes non catalogadas da ordenanza de Recinto Intramuros, ordenanza RI que se grafa en Plano de cualificación sobre esta edificación e a súa veciña, si ben nesta preséntase a trama de zona verde, malia que non consta considerada a indemnización da edificación na avaliación económica. Proponse, en consecuencia, a corrección correspondente indicando a cualificación coa ordenanza de



SECRETARIA

Recinto Intramuros da porción de parcela que comprenda a edificación e a súa contorna funcional inmediata e preserve a continuidade do percorrido da zona verde ao pe da muralla.

No Plano de Cualificación, folla 3.5, incorporárase a trama de parcela non catalogada grafada xa como RI, ordenanza de Recinto intramuros, sobre a porción de parcela que recolle a edificación existente e a súa contorna funcional inmediata, trasladando a corrección aos restantes planos de ordenación e resto da documentación.

Acompáñase imaxe da corrección en folla 3.5 do plano de Cualificación.

Parcelas do acceso ao paseo fluvial na contorna de Santa Clara

Revisada a documentación, confírmase que a motivación da modificación da ordenación prevista no documento aprobado inicialmente para o acceso ao paseo fluvial entre as unidades 2191301 e 2191213 radica na información catastral que non recolle a pertenza á unidade parcelaria 2192301 da hortiña murada traseira á edificación catalogada que, funcional e ambientalmente, percíbese ligada a ela. De modo tal que, comprobada na cartografía dixital asociada ao Plan Hidrolóxico 2015-2021 a súa non pertenza ao dominio público hidráulico, procedería reintegrala á unidade parcelaria recollida na aprobación inicial, retirala da zona verde ZV-03 e revisar o pronunciamento do apartado 3º do informe á alegación nº 65 Rexistro de entrada nº 705/2018 e -téndose suprimido a esixencia de elaboración do Estudo de Detalle E.D.2 no apartado 2º do informe á alegación- substituílo polo seguinte texto:

“3º Desaparecido o estudo de detalle procédese á proposición gráfica da mellora da aliñación no acceso ao paseo fluvial sobre a parcela 2191213 como se indica, na folla 3.8 do Plano de Cualificación.”

Mellora incorporada á área de remodelación urbana ARU-2 Acceso ás Beiras do Cabe dende Antonio Méndez Casal coa súa correspondente expresión no Estudo económico financeiro e programa de actuación, e nos planos de Cualificación folla 3.8, trasladando a corrección aos restantes planos de ordenación e demais documentación.

Acompáñase imaxe da corrección en folla 3.8 do plano de Cualificación.

Polo anteriormente exposto informase FAVORABLEMENTE a aprobación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico do Concello de Monforte de Lemos na forma establecida nos informes da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo de data 5 de outubro de 2020 e no Informe do Servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos de data 21.09.2020 e no Informe da Oficina de Planeamento de data data 2 de novembro de 2020



Con base en dito informe PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Resolver as alegacións presentadas no período de información pública, de acordo cos informes presentados polo equipo redactor do planeamento, Oficina de Planeamento S.A con datas 31.12.2018 e 03.11.2020, obrantes no expediente, notificándollo aos interesados.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos na forma establecida nos informes da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo de data 5 de outubro de 2020 e no Informe do Servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos de data 21.09.2020 e no Informe da Oficina de Planeamento S.A de data data 2 de novembro de 2020.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación e á inscrición do instrumento no Rexistro de Plans Urbanísticos de Galicia.

QUINTO.- Notificar individualmente a aprobación definitiva do Plan Especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hoxe é un día importante para Monforte. Por fin, Monforte ten un Plan, e hai alguén que acaba un Plan en Monforte despois de moitas intentonas sen atreverse a rematalos. Este Pleno, o Pleno de hoxe, vai ser recordado ó longo dos anos, por ser o Pleno no que se aprobou o Primeiro Plan do Concello de Monforte relacionado co urbanismo. Tiveron que pasar máis de 41 anos para ver como o Pleno do Concello de Monforte aproba un Plan. Di que é necesario lembrar que foi o día 3 de abril de 1979, cando se celebraron as primeiras eleccións municipais democráticas, fai xa 41 anos, 7 meses e 13 días. Sinala que hoxe este Concello fai historia. Di que antes de entrar en debate, é convinte situar sobre a mesa os datos máis relevantes que afectan a este documento tan importante para Monforte.

A historia empeza o día 25 de marzo de 2011, data na que se asina o contrato coa empresa Oficina de Planeamento para a elaboración do Plan Especial de Protección do Casco Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Posteriormente, con data 21 de febreiro de 2013, aproximadamente 2 anos despois, o anterior Alcalde enviou unha carta á empresa ordenando a paralización dos traballos do Plan Especial, motivado polo lío que se había formado co Plan Xeral, dado que no Pleno de 27 de marzo de 2013, foi retirado a proposta da Alcaldía de aquel momento. -Así permaneceu paralizado durante máis ou menos 2 anos e medio, ata que debido ó



SECRETARIA

cambio de Alcalde en xuño de 2015, reactiváanse os traballos. Con data 9 de setembro de 2015, xa sendo eu Alcalde, enviei un escrito á entón Secretaria Xeral de Urbanismo, solicitando un reaxuste das anualidades e dos importes financeiros, manifestando que o Concello vai retomar en firme os traballos conducentes a dispoñer de dito Plan Especial. A esta solicitude que eu fixen como Alcalde, a Xunta respondeu aceptando o 29 de outubro de 2015, cousa que lle quero agradecer a D^a Encarnación Rivas, actualmente Directora Xeral de Urbanismo. Pouco despois, con data 17 de febreiro de 2016, asinouse unha modificación do contrato para poder reactivar os traballos do citado Plan Especial. Agora si que se traballou de verdade no Plan Especial, porque 1 ano e 5 meses despois, é dicir, 17 meses despois, a Xunta de Goberno con data 10 de xullo de 2017, levou a cabo a aprobación inicial do Plan Especial para sometelo a exposición pública. -Declarado conxunto histórico artístico por Decreto 444 de 1973 (modificado por Decreto 187 de 2005): A Lei 26/1985 do Patrimonio Histórico Español e as sucesivas Leis 8/1995 e 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia veñen establecendo a obrigatoriedade de elaborar Plans Especiais específicos para a protección dos conxuntos históricos declarados, sometendo na súa ausencia á tutela da Administración do Patrimonio todas as actuacións que nelas se pretendan: a concesión de calquera licenza en calquera edificio -antigo ou moderno- precisa da autorización previa da Consellería. En ningún deles se admiten modificacións e aliñacións e rasantes existentes, alteracións de volume, modificación de fachadas, nin cambios que afecten á harmonía do conxunto. Cun retraso manifesto, Monforte aparece como un dos últimos conxuntos históricos de cidades que carecen del. Coa aprobación do Plan Especial, o Concello será competente para autorizar as intervencións previstas nel, tanto para os edificios catalogados 509 a protexer, como para os 585 non catalogados, comunicando trimestralmente á Consellería as autorizacións dadas.

Sinala que o **Plan acota a algo menos da metade o número de edificios a preservar -edificios catalogados-** e o grao de protección segundo a súa importancia de protección. A definición no Plan Especial dos valores a conservar e o modo de manter, recuperar e ó seu uso os edificios do conxunto, permitirá tratar coa importancia e o valor que ten, á nosa cidade vella, que conserva un Patrimonio monumental único: co ben declarado de interese cultural da Muralla medieval máis relevante de Galicia, co conxunto monumental de San Vicente do Pino e a Fortaleza, o Colexio da Compañía en vías de ser declarado ben de interese cultural, o Convento das Clarisas ou a Igrexa da Régoa, e todos eles ligados e acompañados por un conxunto de casarío que amosa a cidade histórica que medrou con eles e por eles. Abertos ó recoñecemento de Patrimonio Mundial da Ribeira Sacra e á posta en valor do Camiño de Inverno a Compostela, así como a ruta Transrománica recoñecida recentemente polo Consello de Europa, a cidade ten a oportunidade e o compromiso de aportar un conxunto histórico e artístico en vías de recuperación.

Di que o Plan Especial produce por primeira vez unha valoración do estado das edificacións e das necesidades da súa rehabilitación. Así, fai unha avaliación estimada do que representa a recuperación integral do conxunto declarado, nun horizonte de 16 anos:



SECRETARIA

- Repoñer en uso 281 vivendas hoxe desocupadas, e mellorar as condicións de habitabilidade de outras 154 vivendas ocupadas.
- Rehabilitar e mellorar espazos en plantas baixas de locais comerciais e outros usos complementarios da edificación.

Fala do actual Plan Estatal de Vivenda 2016-2021 focalizou xa a súa intervención en dous obxectivos: contribuír ó crecemento do parque de alugueiro e fomentar a rehabilitación e rexeneración urbana e rural. O Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima deseñado antes da pandemia prevía rehabilitar 1.200.000 vivendas antes de 2030. A Comisión Europea ven de incluír á rehabilitación de vivendas entre as 7 áreas de actividades que recibirán fondos de axuda para afrontar a crise da Covid-19 (140.000 millóns de euros para España, máis da metade a fondo perdido), para promover a eficiencia enerxética.

Manifesta que o Plan Especial sae nun momento de reactivación de recursos para fomentar a rehabilitación, coa perspectiva de participación a curto prazo no Plan Rexurbe para áreas de rexeneración urbana de interese autonómico do Instituto Galego de Vivenda e Solo, dirixidas ós conxuntos históricos declarados en situación de deterioro, que necesitan dunha intervención a nivel de edificación e a nivel social e económico. Cos recursos dirixidos á rehabilitación e á rexeneración urbana e cos ordinarios municipais, o Plan Especial presenta un programa de mellora dos espazos públicos do conxunto histórico que veña a rematar os esforzos que xa vimos realizando neste aspecto para acadar unha mellora xeral que equilibre o trato en todo o conxunto histórico desde o máis céntrico ós bordes máis miúdos. Estimulados polas administracións urbanísticas, o Plan Especial fai unha aproximación en detalle para abordar a consolidación dos grandes parques na contorna da Muralla e no seu interior, reservados xa desde as Normas Subsidiarias pero que ata agora ningún goberno municipal levou a cabo, que aportarán definitivamente un valor ambiental singular ó noso Monumento máis senlleiro, para disfrute e aproveitamento dos cidadáns e especial atractivo para os visitantes.

O Plan Especial foi sometido a información pública durante máis de 5 meses, case 6 meses (DOG do 3 de agosto de 2017 ata o 16 de xaneiro de 2018). Notificouse individualmente a 2.389 interesados. Atendéronse presencialmente consultas sobre 258 inmobles e recibíronse 100 alegacións, sobre as que se emitiron informes técnicos que propoñen a aceptación total ou parcial de 48 alegacións, e a desestimación de 52 alegacións.

Recibíronse informes da Axencia Galega de Infraestruturas, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, da Consellería de Facenda, da Secretaría Xeral de Patrimonio, da Deputación Provincial de Lugo, da Dirección General de Política Energética y Minas, do Ministerio de Hacienda, da Dirección General de Patrimonio del Estado y de la Subdelegación do Goberno en Lugo. Igualmente recibíronse informes preceptivos e vinculantes favorables da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, previo á aprobación definitiva, da Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio. En resumo, este é un documento que hoxe sometemos a consideración, debate e aprobación deste Pleno da Corporación Municipal que cre



SECRETARIA

que merece a pena que se aprobe entre todos porque é un instrumento útil para a cidade de Monforte, especialmente para o casco histórico.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que coincide co que fala o alcalde de que este é un pleno importante. Di que valoran positivamente que se aprobe, eles non votan en contra porque a necesidade dun plan especial era necesario. Di que Monforte é a capital da Ribeira Sacra esperando que nun futuro sexa patrimonio da humanidade. Di que se ten que valorar e mellorar o estado no que se atopa o casco histórico, en todo caso é un patrimonio de tódolos monfortinos. Haberá que habilitar partidas económicas para a rehabilitación desas vivendas. Sinala que el participou nalguna reunión co equipo redactor, é certo coma toda plan, non están a gusto de todos, enténdese que valorase o interese xeral deste documento. Tamén hai que valorar positivamente que se utilizou isto coma unha ferramenta arreboladiza. Di que este documento ten uns informes favorables de cantas institucións lle corresponden, agás unha posible controversia que é ese informe xurídico da deputación onde falaba dese artigo 156.3, en canto á ponte do malecón. Isto será obxecto dunha modificación que terá que pasar os distintos informes pertinentes. Di que é unha ferramenta indispensable. Espera que no futuro vaia tomando corpo ese Plan Xeral.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que Esperta Monforte vai votar a favor. Este tema do que podemos preguntar ou deixar de preguntar ou se toca ou non toca, segundo que cousas. O van apoiar por tres motivos, en primeiro lugar, entende a importancia dunhas normas nun plan de futuro e un obxectivo, as normas están claras son concisas e de obrigado cumprimento. Un plan de futuro, unha cidade máis humanizada para o disfrute dos monfortinos e de todos os visitantes e un obxectivo de rehabilitación e posta en valor do patrimonio histórico. Unha segunda é que xa se acabaron as excusas para traballar, que non é outra cousa que ter un plan xeral de ordenación municipal, Esperta Monforte, que este plan especial que se vai aprobar probablemente por unanimidade está suxeito a un plan hidrolóxico e non pasa nada, por último, é que este plan especial alonxa a negra sombra da posibilidade de construír ese mamotreto de ferro que vostede quere construír no medio da cidade. Sinala que o alcalde emperrouse no tema desa ponte. Entenden, sen dúbida, que sería algo importantísimo centrarse agora nese Plan Xeral. Di que eles preguntaron na Comisión polo tema da ponte, o certo é que teñen un montón de documentación da Xunta de Galicia, do Concello, e preguntaron no seu día, que se tiñan que aproveitar as comisións informativas, di que xa non van preguntarlle a vostede senón a Gloria Prada. Qué pasos ten que seguir agora o Concello de Monforte para obter os permisos necesarios para construír unha ponte no malecón.



SECRETARIA

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que teñen a intención de aprobar o plan como ven se dixo son oito anos de traballo, aínda que non se votara a favor, di que hai que facer un voto de responsabilidade e de traballo. Vai axudar aos particulares para que axilicen os prazos para rehabilitar as súas casas, para poder pelexar contra ese feísmo e abandono que hai agora. Ao mellor ese problema que se ten agora de casas abandonadas no caso histórico, fomentar para que a xente se anime a comprar para rehabilitar, coas axudas da Xunta e do concello, en definitiva, das axudas das distintas administracións.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio agradecendo que non vote en contra e se vota a favor sería bo máis aló do debate político, agradecendo os votos a favor. Para que haxa axudas á rehabilitación ten que haber documentos que o sustenten, falamos do plan de vivenda, os gobernos autonómicos. Cando se redactou este plan houbo bastantes reunións cos voceiros e voceiras que había naquel momento para que o equipo redactor dera conta dos traballos que se ían facendo, polo tanto houbo unha información de como se estaba facendo e elaborando ese plan. Falaba de modificalo polo tema da ponte, non hai que modificar o plan especial polo tema da ponte, este plan non é un plan de urbanismo este é un plan de rehabilitación, so se rehabilita o que existe. Non é necesario facer esa modificación do plan especial para a construción da ponte do malecón, evidentemente haberá que ter permisos, da Confederación Hidrográfica e haberá algún máis seguro, pero eses son os permisos que haberá que pedir, xa o irán vendo. Nas interpretacións das leis hai matices, pero dende logo non se fará ningunha actuación que non estea informada favorablemente polos técnicos, non dubiden que vai estar dentro da legalidade sen ningún xénero de dúbida. Dille a D. Germán en relación co tema das comisións, que vostede pode preguntar o que queira pero se se esta dictaminando un punto que é o plan especial do casco histórico, que quere que lle conte da ponte se inda o proxecto non está feito, a vostede díxenlle que non tocaba, tocaba falar do Plan Especial. Vostede cansouse de dicir e publicar, que cobra un soldo que pagamos todos. . Ten que informarse ben porque vostedes non paguen ningún soldo, o soldo é da Deputación de Lugo. Logo ven dicindo outra cousa que non é verdade, o plan especial non é un plan de urbanismo, non habilita para construír edificios novos, eses non están afectados polo plan hidrolóxico. Fala vostede do mamotreto da ponte de ferro, que el saiba hai moitísimas pontes que son de ferro, di que el cre que era moi bonito, di que valora o orgullo e a historia dun pobo, porque o primeiro mamotreto é a Torre Eiffel e mire cantas visitas ten, a ponte cando estea vai ser visitada. Di que o que queren é mellorar a mobilidade para os cidadáns, iso vai permitir pechar o tráfico a ponte vella.

Fala dos pasos a seguir, como todos os proxectos a que organismos hai que pedir permisos, cando teñamos o proxecto na man veremos a quen hai que pedir permisos. Os organismos que vostede que pensan que poden dilatar non, teñen uns

SECRETARIA

prazos para emitilos e senón o emiten, é favorable para o Concello. É certo que quixeron torpedear un pouco a cousa, agradece a Directora Xeral do Patrimonio Cultural, sabe que temos anunciado a supresión de dous pasos a nivel, polo paso de Xoan Montes é por onde a Xunta de Galicia decidiu poñer o paso do Camiño de Inverno, pois uns dos permisos que había que pedir era do Patrimonio cultural, o técnico informou negativamente, porque afectaba ao casco histórico, dicía unha serie de cousas que non eran verdade. A directora xeral na súa resolución autorizando resolve favorablemente esa obra, iso pode ocorrer no malecón, senón o fixeran, é favorable ás pretensións do Concello, se fose negativo o concello vai recurrir, quen decide a mobilidade do interese público correspóndelle a cada concello. Dille a D^a Katherinie que lle gustou a súa exposición e agradece o seu voto.

Intervén D. Emilio José Sánchez referíase aos informes obrantes no expediente. Da lectura á parte do informe dos letrados da deputación provincial. Vostede xa o aclarou, di que seu voto é favorable.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez con respecto ao plan hidrolóxico ten razón, ten que aclarar que como se lle di á xente que o seu solar é unha zona inundada, referíase ao plan xeral. Vostede dirá o que queira, na comisión informativa di que eles leran o informe da directora xeral, o informe do secretario, o informe da asesoría xurídica, a proposta da alcaldía, moito diso ía facendo referencia de interese público do mesmo tema pode ter unha forma de verse ou doutra, pero eles se referían si que tocaba preguntarlle iso, é tan sinxelo porque o acaba de contestar agora.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que aquí dedicacións exclusivas soamente as cobran dúas persoas, D^a Gloria e D. José Luis, non se usa unha terceira, fíxese se somos aforradores, se fixera falla se usaría.

Dille a D. Emilio que leu o que reproduce informe dos letrados da deputación, unha parte, pero debe ler o derradeiro informe do equipo redactor vai ao 146 que é o que vai aprobar o pleno, non sabe para que le unha cousa que non vai a votarse, o que ten que ler vostede é o que di o informe final do equipo redactor no artigo 146.3 o concello poderá redactar un plan de mobilidade, para que se di o que non vai ser. Hoxe para Monforte é un gran noticia que se vote por unanimidade contar cun instrumento que facilite a rehabilitación do casco histórico. Gracias a todos novamente.

Sometido a votación a proposta da alcaldía, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA

Non habendo máis asuntos a tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e nove minutos do expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pr.
O ALCALDE